PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 281 IX lexislatura 30 de abril de 2014

Fascículo 1

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Acordo da Mesa do Parlamento, do 29 de abril de 2014, polo que se eleva ao Pleno a Proposta de tramitación polo procedemento de lectura única do Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental (doc. núm. 22392) 66500

Designación da Ponencia que informará o Proxecto de lei de arquivos e documentos de Galicia 66498

1.1.2.1.5. Proposicións de lei de iniciativa popular

- 13220 (09/PPLI-000008)

Comisión promotora

Proposición de lei, por iniciativa lexislativa popular, de medidas para a creación de emprego en Galicia 66511

1.1.2.2. Outras propostas de normas

1.1.2.2.6. Convenios de cooperación con comunidades autónomas

Ratificación polo Parlamento de Galicia do Convenio marco de colaboración e apoio mutuo entre as Comunidades Autónomas do Principado de Asturias e de Galicia en materia de protección civil e xestión de emerxencias [09/CCAA-000001 (20722)] 66499

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Acordo da Mesa do Parlamento, do 29 de abril de 2014, polo que se eleva ao Pleno a Proposta de tramitación polo procedemento de lectura única do Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental (doc. núm. 22392)

A Mesa do Parlamento de Galicia, na reunión do día 21 de abril de 2014, acordou a admisión a trámite do Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, e o seu traslado á Xunta de Portavoces.

Logo da audiencia favorable da Xunta de Portavoces, na reunión do 29 de abril de 2014, a Mesa adoptou o seguinte acordo:

1º. Propoñerlle ao Pleno da Cámara que o Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, se tramite polo procedemento lexislativo especial de lectura única.

2º. Abrir o prazo de presentación de emendas á totalidade ata o día 5 de maio de 2014, ás 18.30 horas.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2014
Pilar Rojo Noguera
Presidenta

Designación da Ponencia que informará o Proxecto de lei de arquivos e documentos de Galicia

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, na súa sesión do 25 de abril de 2014, adoptou os seguintes acordos:

Designación da Ponencia

- 20028 (09/PL-000016)
Presidencia da Xunta de Galicia
Proxecto de lei de arquivos e documentos de Galicia
BOPG nº 244, do 25.02.2014

G.P. Popular de Galicia:
D. Agustín Baamonde Díaz (titular)
D. Moisés Blanco Paradelo (suplente)

G.P. dos Socialistas de Galicia:
D. Francisco Caamaño Domínguez (titular)
D. María Concepción Burgo López (suplente)

G.P. da Alternativa Galega de Esquerda:
D. José Javier Ron Fernández (titular)
D. Ramón Vázquez Díaz (suplente)

G.P. do Bloque Nacionalista Galego:
Dª Ana Belén Pontón Mondelo (titular)
D. Cosme Eladio Pombo Rodríguez (suplente)

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2014
María Soledad Soneira Tajes
Vicepresidenta 2ª

1.1.2.1.5. Proposicións de lei de iniciativa popular

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 29 de abril de 2014, adoptou os seguintes acordos:

Coñecemento das sinaturas e admisión a trámite

- 13220 (09/PPLI-000008)
Comisión promotora
Proposición de lei, por iniciativa lexislativa popular, de medidas para a creación de emprego en Galicia
BOPG nº 200, do 21.11.2013

A Mesa acorda:

1º. Admitir a trámite a devandita proposición de lei e dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que manifeste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 e 124 do Regulamento.

2º. Solicitar da Xunta de Galicia que emita o informe previsto no artigo 7 da Lei 7/2004, de 16 de xullo, de igualdade de mulleres e homes.

3º. Notificar este acordo á Comisión Promotora e á Xunta Electoral de Galicia.

4º. Publicar este acordo e mais o texto da proposición de lei no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.*

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2014

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

1.1.2.2. Outras propostas de normas

1.1.2.2.6. Convenios de cooperación con comunidades autónomas

Ratificación polo Parlamento de Galicia do Convenio marco de colaboración e apoio mutuo entre as Comunidades Autónomas do Principado de Asturias e de Galicia en materia de protección civil e xestión de emerxencias [09/CCAA-000001 (20722)]

A Mesa do Parlamento de Galicia, na reunión do 18 de marzo de 2014, admitiu a trámite o Convenio marco de colaboración e apoio mutuo entre as Comunidades Autónomas do Principado de Asturias e de Galicia en materia de protección civil e xestión de emerxencias [09/CCAA-000001 (20722)] e acordou abrir un prazo dun mes desde a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* para os efectos de que os grupos parlamentarios formulasen, de ser o caso, reparos.

O referido convenio foi publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 256, do 19 de marzo de 2014, e unha vez constatado que non se formularon reparos polos grupos parlamentarios, a Mesa, na reunión do 29 de abril de 2014, acorda:

1º. Tomar coñecemento da non formulación de reparos.

2º. Comunicar a ratificación do convenio á Xunta de Galicia e aos grupos parlamentarios.

3º. Publicar o acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2014

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIONS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
21 ABR. 2014
Núm. 22392

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
21 ABR. 2014
SAÍDA
Num. 1528

Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia, polo procedemento de tramitación en lectura única, de conformidade co disposto no artigo 134 do Regulamento da Cámara, e de ser o caso polo procedemento de urxencia establecido no artigo 98.1 do citado Regulamento, achégolle texto do *Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental*, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 10 de abril de 2014.

Asemade achégase a certificación expedida polo secretario do Consello co visto e prace do Sr. Presidente da Xunta de Galicia, así como os documentos aos que se refire o artigo 111 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

XUNTA DE GALICIA • VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA • DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

Gonzalo José Ordóñez Puime

Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA

ALFONSO RUEDA VALENZUELA, VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

C E R T I F I C O :

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dez de abril de dous mil catorce, adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

"Aprobar o *Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental*, coa solicitude da súa tramitación en lectura única, de conformidade co disposto no artigo 134 do Regulamento da Cámara e de ser o caso polo procedemento de urxencia establecido no artigo 98.1 do devandito Regulamento."

E para que conste asino a presente, co visto e prace do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela, a dez de abril de dous mil catorce.

V°. e Prace
O PRESIDENTE

XUNTA DE GALICIA

PROXECTO DE LEI POLA QUE SE MODIFICA A LEI 8/2009, DO 22 DE DECEMBRO, POLA QUE SE REGULA O APROVEITAMENTO EÓLICO EN GALICIA E SE CREAN O CANON EÓLICO E O FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL.

XUNTA DE GALICIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desenvolvemento do sector eólico está condicionado pola complicada situación que está a experimentar a economía española e a do conxunto dos países europeos. Unha das variables que máis afectou neste anos ao estancamento da actividade económica foi a intensificación das restricións de crédito, en concreto, no caso das pequenas e medianas empresas. Dende a Comunidade Autónoma de Galicia estanse a executar unha serie de medidas que impulsen o sector das enerxías renovables e, en concreto, o sector eólico. Un dos eixes de actuación é o de evitar que as empresas dispostas a desenvolver proxectos empresariais na Comunidade Autónoma sufran cargas financeiras innecesarias.

O sector das enerxías renovables, ademais de pola situación económica xeral, viuse afectado por cambios normativos que modificaron substancialmente as retribucións económicas das instalacións e por tanto afectaron considerablemente os estudos de viabilidade económica. A nova regulación dos últimos anos e en especial o Real Decreto-lei 9/2013, do 12 de xullo, polo que se adoitan medidas urxentes para garantir a estabilidade financeira do sistema eléctrico e a Lei 24/2013, do 26 de decembro, del sector eléctrico, que consolida e dá carácter de permanente ás medidas aprobadas previamente, a través do Real Decreto-lei 1/2012, do 27 de xaneiro, polo que se procede á suspensión dos procedementos de preasignación de retribución e á supresión dos incentivos económicos para novas instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de coxeración, fontes de enerxía renovables e residuos, o Real Decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade e o Real Decreto-lei 2/2013, do 1 de febreiro, de medidas urxentes no sistema eléctrico e no sector financeiro, modificaron substancialmente as retribucións económicas das instalacións de parques eólicos.

Entre as medidas aprobadas na Comunidade Autónoma de Galicia para o impulso do sector das enerxías renovables destaca a aprobación dunha dedución do 92,5 % na cota do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados cando se realice o feito impoñible a que se refire o artigo 13 do Texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1993, do 24 de setembro, e a concesión ou autorización se refira a enerxías renovables. No caso específico do sector eólico, en relación co canon eólico, aprobouse unha maior bonificación fiscal para os proxectos de repotenciación. Ambas medidas entraron en vigor o 1 de xaneiro de 2014 de acordo co previsto na Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014.

Por outro lado, a Directiva 2009/28/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables e pola que se modifican e se derrogan as Directivas 2001/77/CE e 2003/30/CE, reafirma as oportunidades de xerar crecemento económico mediante a innovación e unha política enerxética competitiva e sostible, de modo que os investimentos na produción de enerxía procedente de fontes renovables xeran nas rexións importantes oportunidades de crecemento e emprego. Por iso, a Directiva dá un mandato para que os Estados e as rexións apoien medidas no ámbito das enerxías renovables. As enerxías renovables son básicas para conseguir unha redución da dependencia con respecto ás importacións enerxéticas, basicamente de combustibles fósiles. Este factor é fundamental á hora de apostar polas enerxías renovables como sector de futuro, que non só traerá crecemento económico senón que permitirá a explotación dun recurso propio da Comunidade Autónoma, o que se traducirá nunha maior independencia enerxética e, en consecuencia, económica, e todo iso a través dun desenvolvemento sostible.

Neste contexto é no que se aproba a presente Lei, cun obxectivo claro que é o de fomentar o inicio de novas actividades económicas que reactiven a economía galega para xerar oportunidades e emprego e reducir a dependencia enerxética exterior. Con el fin de cumprir dito obxectivo procédese á modificación do prazo para a constitución da fianza destinada a garantir o cumprimento das obrigas que se establecen na autorización administrativa. Coa presente modificación desprázase a obriga de constitución a fianza ao momento previo ao inicio dos obras, anteriormente a fianza debía constituírse no prazo dun mes dende a notificación da autorización administrativa, eliminando parte das cargas financeiras que teñen as empresas que emprendan un proxecto eólico.

A disposición transitoria cuarta da Lei 8/2009, do 22 de decembro, prevé que de forma transitoria, o Decreto 302/2001, do 25 de outubro, polo que se regula o aproveitamento da enerxía eólica na Comunidade Autónoma de Galicia, e a Orde do 29 de outubro de 2002, pola que se determinan os requisitos para a autorización de parques eólicos e parques eólicos singulares, serán aplicables para todos aqueles parques eólicos e parques eólicos singulares que foron admitidos a trámite en ordes de convocatoria formuladas ao abeiro desta lexislación. Tendo en conta que o réxime de garantías regulado no artigo 19 do Decreto 302/2001, do 25 de outubro, é análogo ao previsto no actual artigo 40.1 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, é necesario, para garantir o trato igualitario, modificar no mesmo sentido o artigo 19 do Decreto 302/2001, do 25 de outubro, polo que se regula o aproveitamento da enerxía eólica na Comunidade Autónoma de Galicia.

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Igualmente, co fin de garantir un tratamento igualitario, inclúense dous disposicións transitorias para que os/as titulares dos parques eólicos autorizados con carácter previo á entrada en vigor da lei poidan exercer un dereito de opción solicitando a devolución das fianzas constituídas de acordo co previsto no artigo 40.1 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, e no artigo 19 do Decreto 302/2001, do 25 de outubro, sempre que non iniciaran as obras de construción do parque.

Artigo primeiro. Modificación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

Modifícase o apartado 1 do artigo 40 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, que queda redactado como segue:

« Coa finalidade de garantir o cumprimento das obrigas que se establezan na autorización administrativa, o/a promotor/a ou a entidade beneficiaria deberá constituír, con carácter previo ao inicio das obras, unha fianza polo importe do 2 por 100 do orzamento de execución material das instalacións, a cal será devolta unha vez se obteña a acta de posta en servizo definitiva e se entenda cumprido o proxecto de desenvolvemento de natureza industrial.

A falta de constitución da fianza ou a súa constitución inadecuada dará lugar á revogación da autorización.

A dita fianza constituirase na Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Facenda da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, en calquera das formas legalmente establecidas ».

Artigo segundo. Modificación do Decreto 302/2001, do 25 de outubro, polo que se regula o aproveitamento da enerxía eólica na Comunidade Autónoma de Galicia.

Modifícase o artigo 19 do Decreto 302/2001, do 25 de outubro, polo que se regula o aproveitamento da enerxía eólica na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

« Coa finalidade de garantir o cumprimento das obrigas que se establezan na autorización administrativa, o/a promotor/a ou a entidade beneficiaria deberá constituír, con carácter previo ao inicio das obras, unha fianza polo importe do 2 por 100 do orzamento de execución material das instalacións, a cal será devolta unha vez se obteña a acta de posta en servizo definitiva.

A falta de constitución da fianza ou a súa constitución inadecuada dará lugar á revogación da autorización

A dita fianza constituirase na Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Facenda da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, en calquera das formas legalmente establecidas ».

XUNTA DE GALICIA - VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA -

Disposición transitoria primeira. Exercicio do dereito de opción respecto das autorizacións outorgadas con carácter previo á data entrada en vigor desta lei.

1. Os/as promotores/as ou entidades beneficiarias dos parques eólicos autorizados con carácter previo á entrada en vigor da presente lei, poderán optar entre o mantemento das fianzas constituídas de acordo coa redacción orixinaria do apartado 1 do artigo 40 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, ou ben, solicitar a cancelación da devandita fianza na Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Facenda da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, podendo nese suposto diferir a súa constitución á data do inicio das obras.

2. Este dereito de opción non poderá ser exercitado no caso que xa se iniciasen as obras de construción do parque eólico.

XUNTA DE GALICIA - VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Disposición transitoria segunda. Exercicio do dereito de opción respecto das autorizacións outorgadas ao abeiro do Decreto 302/2001, do 25 de outubro, polo que se regula o aproveitamento da enerxía eólica na Comunidade Autónoma de Galicia, e a Orde do 29 de outubro de 2002, pola que se determinan os requisitos para a autorización de parques eólicos e parques eólicos singulares.

1. Os/as promotores ou entidades beneficiarias dos parques eólicos autorizados ao abeiro do Decreto 302/2001, do 25 de outubro, polo que se regula o aproveitamento da enerxía eólica na Comunidade Autónoma de Galicia, e a Orde do 29 de outubro de 2002, pola que se determinan os requisitos para a autorización de parques eólicos e parques eólicos singulares, poderán optar entre o mantemento das garantías constituídas de acordo co artigo 19 do Decreto 302/2001, do 25 de outubro do 2001, ou ben solicitar a cancelación da devandita fianza na Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Facenda da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, podendo nese suposto diferir a súa constitución á data do inicio das obras.

2. Este dereito de opción non poderá ser exercitado no caso que xa se iniciasen as obras de construción do parque eólico.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

O vicepresidente e conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza

Alfonso Rueda Valenzuela

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
01 OUT. 2013
13220

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALIZA

EXPOÑEN:

Que consonte o disposto no artigo 4 da Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, formulan escrito de promoción de **INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR**, co seguinte contido:

I. De conformidade co disposto na letra b) do artigo 4 da Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, as razóns que aconsellan a tramitación e aprobación polo Parlamento de Galiza da presente proposición de lei céntranse na necesidade de dar voz aos amplos sectores da nosa sociedade que demandan unha saída da crise favorábel á clase traballadora e feita desde unha perspectiva de defensa dos dereitos nacionais de Galiza. De seren aprobadas, as medidas que contén esta proposición de Lei sentarían as bases para un desenvolvemento económico e social sustentábel e suporían un aumento do emprego e unha mellora de dereitos sociais e da calidade de vida da maioría da poboación. O abandono do paradigma económico neoliberal e o desenvolvemento dunha economía baseada no traballo produtivo e no papel regulador e estabilizador do sector público contribuirá a crear unha sociedade galega máis democrática, xusta, solidaria e humanizada.

II. De acordo coa letra a) do artigo 4 da Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, exponse a seguir o texto articulado da proposición de lei, precedido dunha exposición de motivos.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
11 DIC. 2013
NÚM. 13220

PROPOSICIÓN DE LEI, POR INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR, DE MEDIDAS PARA A CREACIÓN DE EMPREGO EN GALIZA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o inicio da crise, diferentes movementos sociais están a defender todo un conxunto de propostas alternativas, orientadas a unha saída favorábel á clase traballadora galega e feita desde unha perspectiva de defensa dos nosos intereses nacionais, convencidos de que todas estas políticas de concentración e centralización da riqueza e do poder, aínda afonda moito máis no carácter colonial e periférico de Galiza. Só desde alternativas feitas en función da nosa propia realidade social e económica, de reforzamento do noso autogoberno, da capacidade de decidir libremente en todas as materias, poderemos ofrecer alternativas que sirvan aos intereses das nosas clases traballadoras e que garantan un reparto equitativo da riqueza.

As medidas contidas nesta Lei axudarán a sentar as bases para un desenvolvemento económico e social máis sostíbel e suporían un aumento do emprego e unha mellora de dereitos sociais e da calidade de vida da maioría da poboación. A través doutra política fiscal, do incremento do gasto social e do investimento público, da creación de entidades financeiras públicas ao servizo da cidadanía e do noso tecido produtivo, de políticas que favorezan o emprego estábel, uns salarios dignos e postos de traballo en Galiza, contribuiremos a construír unha sociedade galega máis democrática, xusta, solidaria e humanizada, sustento da nosa identidade como pobo e piar da soberanía nacional á que aspiramos.

Outras vías son posíbeis e poden ser aplicadas. En primeiro lugar, a pesar de que a Xunta de Galiza e o Estado non poden utilizar a política monetaria, competencia exclusiva do Banco Central Europeo, si poden esixir que o dito banco compre débeda pública directamente aos Estados e CC.AA., así como usar a súa capacidade regulamentaria da actividade económica e os orzamentos públicos para tomar medidas extraordinarias en tempo de crise, xerando actividade económica directa en infraestruturas e servizos públicos, apoiando actividades económicas produtivas en sectores e unidades de produción directamente vinculadas á actividade económica e promovendo con capital público empresas en sectores estratéxicos da economía. É tempo de reivindicarmos a importancia social do público fronte ao privado, como forma de reactivar e incidir na orientación da economía en beneficio da maioría social e de garantir, en condicións dignas para toda a poboación, dereitos básicos como o ensino, a saúde, a enerxía, a pensión, a vivenda, o traballo ou a comunicación. Hai que rachar coas actuais políticas de recortes do investimento público, promovidas pola UE e o FMI, por non favoreceren a saída da crise, por seren contrarias á creación de emprego e por provocaren o empobrecemento e a exclusión social en amplos sectores da sociedade.

Galiza necesita autogobernarse, decidir sobre todo aquilo que precise para o seu libre desenvolvemento e para mellor defensa dos intereses da clase traballadora galega. Mantemos viva a reivindicación e a loita pola soberanía nacional porque consideramos que o actual marco xurídico, imposto pola Constitución e o Estatuto de Autonomía, é claramente insuficiente naquelas materias que máis afectan a traballadores e traballadoras. A Xunta de Galiza ten que asumir un papel activo na reivindicación, non só de todas as transferencias pendentes de desenvolver, senón de todas aquelas necesarias para un desenvolvemento económico e social do país, propio, integral e autocentrado, particularmente a

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
01 OUT. 2013
13220

capacidade lexislativa en materia de emprego, laboral, protección social, industrial, pesqueira, agraria, así como en política fiscal e financeira.

Galiza tivo tradicionalmente, e segue a ter, un grave problema para o seu desenvolvemento industrial e económico, que ten a ver coa relación de carácter colonial que mantén co Estado español, o que se transforma, por unha banda, en falta de competencias reais para definir o noso modelo económico, industrial e produtivo, e por outra, en que ese modelo sempre foi deseñado en función dos intereses de España e da oligarquía española e na actualidade en función dos intereses das grandes potencias económicas da UE e do seu capital financeiro. Isto implicou a existencia dun tecido industrial pouco desenvolvido, a presenza de moita industria de enclave, a destrución do noso sector primario e mesmo industrial en función de decisións tomadas polos gobernos españois ou pola UE, a apropiación por capital foráneo do noso excedente económico e un paro de carácter estrutural, maquillado na súa contía pola sangría da emigración.

Sectores como o naval, o agrogandeiro, o pesqueiro, o enerxético, o financeiro, etc., cun peso moi importante na nosa economía e básicos para o noso desenvolvemento económico e social, vense permanentemente limitados e reducidos no seu desenvolvemento como consecuencia de políticas do Goberno español e da UE, feitas desde a visión do centro do sistema e en función dos intereses dos estados e dos grupos económicos que controlan as políticas e as institucións europeas.

Nesta situación de crise, cunha forte caída do consumo e forte competencia exterior, é difícil que a iniciativa privada por si soa cree as condicións necesarias para saír desta, polo que lle corresponde ao sector público actuar como axente económico dinamizador. Cómpre, neste escenario, apostarmos firmemente por revitalizar o tecido produtivo e crear as condicións para xerar emprego, empezando por exixir do Goberno galego que rache coa súa política, de pasividade nuns casos e de complicidade noutros, diante da desfeita da base material do noso país, e non siga polo tanto contribuíndo coa súa actitude a acentuar o carácter dependente de Galiza e o seu papel de reserva de man de obra barata e de fonte de materias primas e de recursos económicos para o capital financeiro español.

Polo demais, calquera acordo en materia económica e de emprego, ten que basearse nun marco que abandone o paradigma económico neoliberal e asentarse nun cambio estrutural que conduza á organización e desenvolvemento dunha economía baseada no traballo produtivo e o papel regulador e estabilizador do sector público, para asegurar un desenvolvemento sustentábel, así como un reparto equitativo e xusto da riqueza.

CAPÍTULO I. POLÍTICA INDUSTRIAL E SECTORES PRODUTIVOS.

Artigo 1. Política industrial.

1. O Goberno galego porá en marcha un plan de desenvolvemento industrial que promova o peche dos ciclos produtivos en Galiza e aumente o valor engadido en sectores básicos da nosa economía (leite, papel, granito, moble, pesca, marisqueo, téxtil, conserva, enerxías renovábeis, silvicultura, automóbil, naval), así como que fomente a promoción exterior dos produtos galegos, priorizando sectores e mercados.

2. A Xunta de Galiza elaborará un proxecto de lei de creación do Instituto da Empresa Pública Galega, constituído cos centros de traballo das empresas

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
31 OUT. 2013
13220

públicas estatais existentes en Galiza, após a súa transferencia, así como con aquelas outras de capital público galego, existentes na actualidade ou de nova creación.

3. O Goberno galego participará, directamente ou a través de empresas mixtas, na constitución de novos proxectos industriais vitais para o país, en sectores estratéxicos como o financeiro, enerxético, lácteo, naval ou redes de comercialización.

4. A política industrial da Xunta de Galiza estará baseada no rexeitamento de calquera política de privatización de empresas e servizos públicos e na reestatalización das empresas públicas privatizadas.

Artigo 2. Sector agrario.

1. O Goberno galego porá en marcha, coa participación do sector, un plan de medidas de apoio ao sector forestal e agrogandeiro, que garanta uns prezos xustos dos seus produtos, fomente a incorporación de xente moza a actividade agraria, permita unha explotación racional do monte e unha xestión social e ambientalmente sustentábel e que aproveite o mato para a coxeración de enerxía e calor.

2. A política agraria da Xunta de Galiza estará baseada nos seguintes principios:

a) Apoio e potenciación da agricultura extensiva, da gandaría e da agricultura ecolóxica.
b) Ordenación dos usos da terra e orientación de cultivos, tomando como obxectivo a mobilidade de terras e a ampliación da base territorial das explotacións, así como o aproveitamento e xestión común.
c) Apoio aos circuítos curtos de comercialización e de transformación.
d) Creación dunha rede de servizos técnicos públicos relacionados coa actividade agrogandeira.
e) Peche dos ciclos produtivos mediante o apoio a proxectos que permitan desenvolver novas liñas e produtos de alto valor engadido.

Artigo 3. Sector pesqueiro.

1. O Goberno galego porá en marcha, coa participación do sector, un plan integral de recuperación dos caladoiros do litoral, rías e bancos naturais de marisqueo, no cal se recollan paradas biolóxicas subvencionadas, recuperación do litoral e bancos marisqueiros afectados polos recheos ou outras accións contaminantes, depuración de todos os residuos urbanos e industriais, creación de sementeiros de carácter público que permitan que as mariscadoras poidan acceder a este servizo que actualmente está en mans privadas.

2. A política pesqueira da Xunta de Galiza estará baseada nos seguintes principios:

a) Potenciación dos sistemas de semicultivo dos areais, apostando por pequenos proxectos cooperativos con apoio científico técnico público.
b) Modernización e impulso dos sistemas de transformación, comercialización e distribución dos produtos pesqueiros, xunto cun control exhaustivo das importacións que permitan unha identificación da orixe dos produtos.
c) Esixencia ante a UE e Estado español de que o peche de acordos pesqueiros con terceiros países non exclúan a flota pesqueira galega, así

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
11 ABR. 2013
13220

como a non aplicación a Galicia da política de cotas e TAC impostas pola UE.

d) Esixencia de plena autonomía de Galiza para exercer as competencias en materia de pesca de baixura e marisqueo.

Artigo 4. Sector naval.

1. A Xunta de Galiza promoverá a creación dun complexo industrial da construción naval na ría de Ferrol, coa participación da propia Xunta, que abranga todas as áreas relacionadas coa construción naval, civil, militar e reparacións, así como o sector de bens de equipo e enerxético.

2. O Goberno galego impulsará a constitución dun holding entre os distintos estaleiros, empresas auxiliares e empresas transformadoras do metal na ría de Vigo, con participación pública e privada.

3. Crearase un fondo, con achega pública e privada, que facilitará os avais e o financiamento dos novos proxectos tecnolóxicos integrados do sector, e as contratacións de construción de novos barcos.

Artigo 5. Sector da construción.

1. O Goberno galego porá en marcha un plan para a rehabilitación de vivendas con medidas como a mellora da eficiencia enerxética, mantemento e conservación de fachadas e acondicionamento dos cascos antigos.

2. Na construción de edificios emblemáticos (públicos ou privados) e na decoración de interiores, fomentarase a mellora no deseño e a aplicación de materiais autóctonos (granito, lousa, madeira, decoración...).

Artigo 6. Sector enerxético.

A política enerxética da Xunta de Galiza estará baseada nos seguintes principios:

a) Consideración da enerxía como servizo público.
b) Fomento do aforro e de eficiencia no consumo enerxético.
c) Adaptación das centrais térmicas das Pontes e Cerceda á Directiva Europea de Emisións Industriais.
d) Diversificación das fontes de enerxía e recuperación das primas para permitir o desenvolvemento das enerxías renovábeis.
e) Implantación dunha tarifa eléctrica máis baixa para Galiza, partindo dunha redución do 30% das peaxes do sistema eléctrico.
f) Esixencia da inclusión da Galiza no futuro Plan Estatal do Carbón.

Artigo 7. Sector do comercio e o turismo.

1. A Xunta de Galiza desenvolverá unha campaña permanente sobre a necesidade de consumir produtos e servizos elaborados en Galiza, como forma de manter e crear emprego no noso país, comezando por facer efectiva esta medida as propias institucións, organismos e empresas públicas, a todos os niveis.

2. A política comercial e turística da Xunta de Galiza estará baseada nos seguintes principios:

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
01 OUT. 2013
13220

a) Apoio ao pequeno comercio, cunha regulación dos horarios que lles sexa favorábel, así como limitando a instalación de grandes superficies comerciais.
b) Potenciación das empresas galegas de distribución, vinculándoas coa produción manufactureira local, as denominacións de orixe, a identidade e a calidade do produto e a promoción do mercado interno.
c) Promoción do turismo mediante campañas de promoción no exterior, con especial fincapé no turismo rural.

Artigo 8. Cultura e lingua galegas.

1. A Xunta de Galiza fomentará a produción propia en todos os ámbitos de creación e difusión da nosa cultura (televisión, radio, cinema, música, teatro, artesanía, audiovisuais, internet, edicións, etc.).

2. Nos pregos de contratación coas administracións e convocatorias de subvencións públicas, estabelecerase o compromiso das empresas a utilizar o galego como lingua inicial na súa relación coa clientela.

3. A Xunta de Galiza elaborará un proxecto de lei para garantir o dereito da cidadanía a ser atendida en lingua galega nas súas relacións con empresas e comerciantes que presten servizos ou comercialicen os seus produtos en Galiza.

Artigo 9. Sector da automoción.

1. A Xunta de Galiza impulsará a creación dunha Mesa Galega da Automoción (MGA), integrada polo actual clúster empresarial (CEAGA), as centrais sindicais e as tres universidades galegas.

2. O Goberno galego porá en marcha un plan integral para a industria da automoción, no que se recollan medidas de apoio ao I+D+i no sector, á especialización cara a produción de vehículos cun maior valor engadido, a promoción dos vehículos híbridos e eléctricos e a optimización dos procesos produtivos, pulando polo aproveitamento das sinerxias entre as factorías principais e a súa industria secundaria.

Artigo 10. Sector da minaría.

1. A Xunta de Galiza desenvolverá a Lei de ordenación da minaría de Galiza, con base en criterios de estabilidade e sustentabilidade, cumprimento dos requisitos medioambientais e peche dos ciclos produtivos.

2. O Goberno galego promoverá a explotación racional, a comercialización e posta en valor do granito e a lousa, fundamentalmente no exterior, así como a eficiencia enerxética, as aplicacións tecnolóxicas ou a integración e peche do seu proceso produtivo.

3. As administracións galegas promoverán o uso da pedra galega nas súas instalacións e obras públicas.

Artigo 11. Sector da conserva.

O Goberno galego porá en marcha, coa participación do sector, un plan integral produtivo e extractivo (produción, flota, marisqueo), que favoreza a concesión de crédito á pequena e mediana empresa, e promova unha etiquetaxe na cal apareza claramente identificada a procedencia, ademais de activar nos

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
2013
13220

mercados internacionais campañas divulgativas da calidade da industria conserveira galega de peixes e mariscos.

Artigo 12. Sector da madeira e forestal.

O Goberno galego porá en marcha, coa participación do sector, un plan estratéxico do uso agrícola, gandeiro, enerxético e forestal do monte galego, que garanta unha produción forestal sustentábel, que poña en valor as especies autóctonas e aposte pola segunda transformación, con apoio a aquelas empresas que aposten polos produtos de calidade e deseño diferenciado.

Artigo 13. Sector téxtil, confección, coiro e calzado.

1. O Goberno galego apoiará as pequenas e medianas empresas que aposten polos produtos de calidade e deseño propio, como produto diferenciado.

2. Nas convocatorias de axudas públicas serán penalizadas aquelas empresas que recorran á deslocalización da produción.

Artigo 14. Economía social.

O Goberno galego apoiará a constitución de cooperativas ou sociedades anónimas laborais e promoverá a formación en materia de economía social, así como a participación do sector nos órganos de representación institucional da Comunidade Autónoma.

Artigo 15. Medio ambiente.

1. A Xunta de Galiza elaborará un proxecto de lei de reforma da Lei de residuos de Galiza, baseada no rexeitamento á incineración e centrada na minimización da produción dos residuos, na súa reutilización e reciclaxe.

2. A Xunta de Galiza elaborará un proxecto de lei de protección dos ecosistemas fluviais que recolla, entre outras medidas, a creación dunha rede de vixilancia e control do estado ecolóxico dos ríos, a posta en marcha dun plan de saneamento integral de todas as masas de auga, tanto naturais como artificiais, así como un plan de tratamento de augas residuais.

3. O Goberno galego promoverá a recuperación dos espazos naturais degradados como consecuencia das explotacións mineiras.

Artigo 16. Infraestruturas.

1. O Goberno galego porá en marcha un plan de fomento do transporte ferroviario, tanto de mercadorías como de persoas, coa creación de servizos de proximidades e de estacións intermodais nas sete cidades galegas, priorizando a complementariedade entre os camiños de ferro e o transporte público colectivo por estrada a todos os niveis, así como aeroportuario.

2. O Goberno galego porá en marcha un plan integral do sistema aeroportuario galego, a partir da cooperación e complementariedade dos tres aeroportos, potenciando o aeroporto de Santiago de Compostela como aeroporto da capital de Galiza, ampliando e potenciando o seu carácter internacional.

3. A Xunta de Galiza elaborará un proxecto de lei de reforma da Lei de creación do ente público Portos de Galiza, para unha potenciación conxunta dos cinco

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
04 OUT. 2013
13220

portos principais (Vigo, A Coruña, Ferrol, Marín e Vilagarcía) para a captación de tránsitos no exterior, evitando a competencia entre eles e fomentando a súa complementariedade.

4. A Xunta de Galiza porá en marcha un Centro de Vixilancia e Coordinación, de carácter público de salvamento e control de desastres (ecolóxicos, naturais, etc.).

Artigo 17. Política de I+D+i.

A política de investigación, desenvolvemento e innovación da Xunta de Galiza estará baseada nos seguintes principios:

a) Dotación orzamentaria dedicada á investigación científica ata que iguale a media da eurozona.
b) Adopción de medidas que permitan ás pequenas e medianas empresas participar en proxectos de I+D+i.
c) Oferta de instalacións e consello técnico, por parte da administración galega, ás novas iniciativas empresariais de base tecnolóxica, priorizando aqueles proxectos empresariais relacionados coa produción enerxética limpa, así como a aqueles que potencien a produción, transformación e comercialización de produtos do país e unha economía autocentrada e sustentábel.
d) Apoio á colaboración entre as universidades, centros de formación profesional e as empresas para crear sinerxías que permitan aproveitar o I+D que produce o noso sistema universitario.
e) Elaboración dunha axenda propia de investigación entre todas as entidades, públicas e privadas, que sexan artífices desta.
f) Dignificación da actividade e as condicións laborais das persoas investigadoras.

CAPÍTULO II. POLÍTICA LABORAL.

Artigo 18. Defensa do dereito a un traballo de calidade.

No ámbito das súas competencias e nos órganos de cooperación multilateral entre o Estado e as Comunidades Autónomas, nomeadamente na Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais, a Xunta de Galiza defenderá as seguintes posicións:

a) Derrogación das últimas reformas laborais.
b) A redución da xornada laboral no camiño da conquista das 35 horas semanais, como medida de reparto do traballo.
c) Aplicación da legalidade vixente e ampliación das políticas de igualdade e conciliación no eido laboral, que teñen esencial incidencia na calidade de traballo e de vida das mulleres e que están sendo abandonadas coa escusa da crise e os consabidos recortes.
d) Fomento de políticas de rendas que favorezan a mellora xeneralizada dos salarios e a redución progresiva do abano salarial.
e) Incremento do salario mínimo interprofesional ata acadar o 60% do salario medio.
f) Defensa dos convenios de sector como referencia de aplicación mínima obrigada para as empresas afectadas no seu ámbito de aplicación.
g) Que toda a negociación colectiva se desenvolva en Galiza.
h) Respecto do principio de causalidade para toda a contratación temporal, derrogando toda a normativa que non respecte o dito principio, así como

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL DE ENTRADA
31 OUT. 2012
13220

penalización da contratación temporal, tanto no salario como na cotización da cota empresarial.

i) Eliminación de todas as subvencións xenéricas á contratación, agás a aqueles colectivos de difícil inserción, e utilización destas na creación de emprego nos servizos públicos.
j) Reforzo do Servizo Público de Emprego de Galiza e cumprimento da recomendación da Comisión Europea sobre Garantía Xuvenil, para que as persoas menores de 25 anos reciban unha boa oferta de emprego, formación continúa ou prácticas, nun prazo non superior a catro meses tras quedar en situación de desemprego ou rematar a formación regrada.
k) Eliminación das ETTs e das axencias privadas de colocación.
l) Potenciación da suspensión dos contratos ou reducións de xornada en lugar do despedimento ou dos EREs extintivos, nas situacións de crise empresarial.
m) Derrogación das últimas reformas do sistema público de pensións, pois ademais de significar unha caída na contía destas, supón unha medida negativa na creación de emprego ao atrasar a idade de xubilación e dificultar o acceso a unha pensión.
n) Intensificación dos controis da Inspección de Traballo sobre a causalidade da contratación así como sobre a economía irregular, especialmente nos sectores e colectivos de maior incidencia, favorecendo así a creación de emprego estable e con dereitos.
o) Potenciación das políticas activas de emprego, establecendo un programa específico de orientación, formación e recualificación para a mocidade desempregada e persoas paradas de longa duración.
p) Mediante acordo tripartito establecer compromisos concretos de incorporación de mozos e mozas, que abandonaron os estudos e hoxe están desempregados, para a súa formación en empresas, financiado con orzamentos da Xunta e con recursos achegados polas propias empresas.
q) Creación do Instituto Galego de Emprego e Formación Profesional que asuma as competencias plenas en materia dos tres subsistemas.

CAPÍTULO III. POLÍTICA DE EMPREGO NOS SERVIZOS PÚBLICOS.

Artigo 19. Suficiencia orzamentaria.

1. Nos proxectos de lei de orzamentos, a Xunta de Galiza estabelecerá dotacións que permitan manter un nivel digno de asignación de recursos (humanos e técnicos) en todos os servizos públicos e de asistencia social.

2. Nos órganos de cooperación multilateral entre o Estado e as Comunidades Autónomas, nomeadamente na Conferencia Sectorial de Política Fiscal e Financeira, a Xunta de Galiza defenderá a eliminación da taxa de reposición na administración e demais servizos públicos.

Artigo 20. Sanidade.

A política de emprego da Xunta de Galiza no sector da sanidade estará baseada nos seguintes principios:

a) Posta en marcha un plan de funcionamento dos centros hospitalarios en quenda de tarde.
b) Ampliación dos cadros de persoal e substitución efectiva de todas as ausencias.
c) Eliminación da xornada complementaria na sanidade pública.

...MENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
... 2013
13220

d) Aplicación estrita do réxime legal de incompatibilidades aos profesionais sanitarios.

Artigo 21. Ensino.

A política de emprego da Xunta de Galiza no sector do ensino estará baseada nos seguintes principios:

a) Incremento das prazas públicas para o alumnado de 0 a 3 anos con horarios adaptados á necesidades laborais da poboación traballadora.
b) Incremento e ordenación da oferta de ciclos formativos no ensino público que satisfaga a demanda existente, para facilitar o emprego e o desenvolvemento daqueles sectores estratéxicos do tecido industrial e produtivo galego.
c) Fornecemento aos centros de ensino de suficiente profesorado, reducir o número de alumnado por aula, satisfacer a atención á diversidade, prever e actuar contra o fracaso e o abandono escolar para acadar a máxima calidade posíbel e garantir persoal administrativo, de coidados, de educación social e outro profesionais en tódolos centros onde sexan necesarios.
d) Dotación a todos os centros educativos públicos dos servizos complementarios necesarios, nomeadamente de comedores escolares.

Artigo 22. Servizos sociais.

1. A Xunta de Galiza elaborará un proxecto de lei de creación do Sistema Público Galego de Servizos Sociais que recolla, entre outras cousas, un programa de atención ás persoas dependentes, garantindo o seu dereito a un servizo público (residencias, axuda domiciliaria, centros de día) axeitado ás diferentes necesidades de coidado e con horarios adaptados ás necesidades laborais.

2. O Goberno galego porá en marcha un plan de contratación, nos concellos e deputacións, de persoas desempregadas sen prestacións, especialmente dirixido a persoas menores de 30 anos e desempregados de longa duración, para a realización de obras e servizos de interese xeral. Recuperación das escolas taller.

CAPÍTULO IV. POLÍTICA FISCAL.

Artigo 23. Defensa dun sistema fiscal equitativo, xusto e redistributivo.

No ámbito das súas competencias e nos órganos de cooperación multilateral entre o Estado e as Comunidades Autónomas, nomeadamente na Conferencia Sectorial de Política Fiscal e Financeira, a Xunta de Galiza defenderá as seguintes posicións:

a) Modificación da escala de gravame do Impostos sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF), incrementando a progresividade deste.
b) Modificación do tratamento fiscal das rendas do capital no IRPF, aplicándolles o mesmo tratamento fiscal que ás rendas do traballo.
c) Supresión da meirande parte das bonificacións e deducións do imposto de sociedades que na práctica están reducindo o dito imposto efectivo a menos da metade do nominal.
d) Redución do tipo de gravame do Imposto sobre o valor Engadido (IVE), naqueles produtos de primeiro necesidade, por debaixo do valor anterior a última reforma.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL DE ENTRADA
01 OUT. 2013
13220

e) Creación dun imposto sobre os beneficios extraordinarios da banca e os activos financeiros.
f) Eliminación dos privilexios fiscais da igrexa e das SICAV.
g) Fin dos incentivos fiscais aos plans privados de pensións.
h) Esixencia do pagamento dos tributos en Galiza de todas as empresas que teñan centros de traballo en territorio galego.
i) Creación dunha taxa, tipo taxa Tobin, que grave as transaccións financeiras.
j) Creación dos medios suficientes para perseguir e castigar a fraude e a evasión fiscal, principal problema do noso sistema tributario. Supresión dos paraísos fiscais.
k) Auditoría da débeda pública e privada para denunciar os contratos ilexítimos e liberar a carga financeira asociada.
l) Flexibilización das porcentaxes de endebedamento da economía, destinando os fondos deste novo endebedamento a actividades xeradoras de emprego ou que permitan incrementar o benestar da sociedade.

CAPÍTULO V. POLÍTICA FINANCEIRA.

Artigo 24. Banca pública galega.

1. O Goberno galego promoverá a transformación de NovaGalicia Banco, entidade con participación maioritaria do FROB, en entidade financeira de carácter público e comercial, e titularidade da Xunta de Galiza.

2. En todo caso, será prioridade da Xunta de Galiza a creación dun banco público galego, ao servizo da economía produtiva.

Artigo 25. Instituto Galego de Crédito e Investimento

A Xunta de Galiza elaborará un proxecto de lei de creación do Instituto Galego de Crédito e Investimento, co obxectivo de reformular os instrumentos financeiros á disposición das nosas empresas produtivas, tanto para superar a crise como para estar en mellores condicións de medrar no futuro, cunha orientación do crédito cara a actividades innovadoras e cara á estratexia de desenvolvemento sustentábel.

Artigo 26. Defensa dun sistema financeiro ao servizo da economía produtiva.

No ámbito das súas competencias e nos órganos de cooperación multilateral entre o Estado e as Comunidades Autónomas, nomeadamente na Conferencia Sectorial de Política Fiscal e Financeira, a Xunta de Galiza defenderá as seguintes posicións:

a) Fortalecemento e mellora das sociedades de Garantías Recíprocas, mediante o fornecemento de recursos suficientes, de xeito que poidan ampliar a súa función de instrumentos de promoción empresarial, especialmente de empresas de nova creación.
b) Esixencia de que as relacións de orde económica e financeira, entre Galiza e o Estado español, se desenvolvan e formalicen a través dun concerto económico que se pacte entrambas as institucións.
c) Defensa da xestión directa pola Xunta de Galiza dos fondos europeos destinados ao noso país.

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
13220

d) Esixir do Banco Central Europeo que preste diñeiro directamente aos estados e comunidades autónomas, como máximo, ao prezo que o fai á banca privada.

CAPÍTULO VI. POLÍTICA DE INCLUSIÓN LABORAL E SOCIAL.

Artigo 27. Salario de inserción laboral.

A Xunta de Galiza elaborará un proxecto de lei de creación dun salario de inserción laboral e social, dirixido a todas aquelas persoas desempregadas que non cobren outro tipo de prestación pública. De forma inmediata, axilizaranse e flexibilizaranse os procedementos de concesión da renda de integración social de Galiza (Risga).

Artigo 28. Defensa das persoas en risco de exclusión social.

No ámbito das súas competencias e nos órganos de cooperación multilateral entre o Estado e as Comunidades Autónomas, a Xunta de Galiza defenderá as seguintes posicións:

a) Adaptación o sistema de prestacións por desemprego ás circunstancias de crise económica, mellorando a prestación contributiva e asistencial e ampliando as situacións protexidas.
b) Apoio ás persoas con insolvencia económica, derivada da perda de emprego, para evitar que perdan a súa vivenda, así como as consecuencias económicas derivadas da aplicación da actual Lei Hipotecaria. Xunto con iso, fomento da vivenda social en réxime de alugueiro, de contía inferior ao 30% dos ingresos totais da unidade familiar, utilizando vivendas baleiras de titularidade e xestión pública, así como as vivendas propiedade da banca nacionalizada.

Disposición derradeira

A lei entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galiza*.

III. Os membros da Comisión Promotora delegan en **Xesús Eladio Seixo Fernández** para que compareza no seu nome, tanto persoalmente como por escrito, perante as administracións parlamentaria e electoral, a fin de cumprir os sucesivos trámites que requira o desenvolvemento da presente iniciativa.

Polo exposto, os membros da Comisión Promotora

SOLICITAN Á MESA DO PARLAMENTO DE GALIZA: Que teña por formulado o presente escrito de promoción de iniciativa lexislativa popular, acordando a súa admisión a trámite para, unha vez cumpridos os trámites legais, incluída a recolla e presentación de, como mínimo, quince mil sinaturas debidamente autenticadas de cidadáns, publique a presente proposición de lei conforme ao artigo

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
01 OUT. 2013
13220

123 do Regulamento da Cámara para a súa toma en consideración no Pleno e subseguinte tramitación parlamentaria.

En Santiago de Compostela, a un de outubro do ano dous mil e trece

PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727